Ateneo Ferrolán

ATENEA

Nº 43

Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Especial Minirrelatos. XANEIRO - FEBREIRO - MARZO 2012

Ateneo Ferrolán



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

Ateneo Ferrolán

Sumario

ATENEA Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº43
Especial Minirrelatos "Un conto de nadal para unha nenez atea" 2012
DIRECCION E COORDINACION Ateneo Ferolán
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**
COLABORACIÓNS Varja Jovanović Trobec (fotografía de la portada, fotografías pag. 9, 21, 22, 29, 30, 37, 38, 42, 45, 48), Jorge Chamorro (pag. 24, 25)

EDITORIAL 2

A sociedade presenta dous aspectos ou fisionomías esenciais que imprimen o carácter e determinan a cultura, a civilización e o progreso en relación coas potencias organizadas e recoñecidas no gran concurso universal; e por iso hai que observala baixo as dúas distintas fases.

Estes dous aspectos, ou mellor dito, dous elementos, son o "civil" e o "relixioso": o mundano e o espiritual: o corpóreo e o incorpóreo: o real e o simbólico: o que pura e exclusivamente pertence ao dominio e comercio dos homes, e aquilo ao que se refire ás rexións infinitas, descoñecidas, vislumbradas unicamente "in mentis" a través de místicas lendas, como a todo o imaxinario e etéreo.

Respecto do primeiro de ditos elementos, o "civil", non cabe dubida algunha que é o absolutamente necesario para a vida dos pobos; é a base da organización social e a reguladora dos dereitos e deberes de todos; pois todo cidadán debe render tributo ao elemento civil do que forma parte. É o elemento civil na orde social como o corpo na orde físico - espiritual, xa que non pode existir alma desprovista do corpo; como non pode vivir nin sociedade, nin pobo ou nación desprovista do elemento civil.

A nación é puramente civil na súa organización, e polo tanto, sen este elemento constitutivo da súa esencia vital, claro está que desaparecería.

En cambio o elemento relixioso, non é máis cun cúmulo de sentimentos e crenzas máis ou menos erróneas, acerca do infinito, do inconcibible, daquilo que é completamente alleo ao bulicio mundanal, que o rexeita, toda vez que o exercicio da relixión, demanda recollemento e misticismo.

Isto sentado e admitido, hai que convir que o elemento relixioso debe vivir illado da vida real dos pobos, debe alonxarse do movemento popular, non debe sequera asomar á vida pública, porque nela confundiríase co terreal, rebaixaríase de tal sorte tan elevado ministerio, que perdería a grandeza que lle conceden os fieis crentes; e desaparecerían a pureza e aquela aureola de espiritualismo que alcanza na soidade, na ermida no templo católico e nas mezquitas e capelas evanxélicas.

Desde o momento que a relixión confúndese co mundano, desaparece o simbólico misticismo e recollemento que debe preceder en todos os seus actos, e pasa a formar parte da sociedade, do elemento civil, e suxeita esta a tódalas continxencias propias do bulicio e animación que informan a vida popular.

Entrado na vía pública o exercicio das prácticas relixiosas, non pode impoñerse aos transeúntes, como non pode facelo unha *charanga de rúa* anunciando unha novillada; todo o que vai ao público ten ou debe ter a mesma consideración, sen privilexios nin prerrogativas de ningunha clase, pois do contrario viría a dárselle unha protección a un elemento que poderíamos chamar "intruso"; a un elemento que, saíndose, como vulgarmente se din, das súas *casillas*, ven a invadilo terreo da propiedade allea, e é impropio para o seu exercicio.

Cada cal debe circunscribirse a súa esfera de acción e non traspasalos límites que naturalmente estanlle sinalados; do contrario exposto está a caer no tremendo ridículo e en menosprezar o mesmo que pretende enaltecer.

Qué diríase dun comerciante que establecese, como na vía publica, o seu comercio dentro dun templo relixioso e pretendese que os fieis lle gardasen respecto e consideración?. Pois teríaselle por tolo e indecente, e nun e noutro caso, cando menos, se lle expulsaría de aquel recinto por non ser o sitio designado para operacións mercantís ou comerciais.

De igual sorte, ao noso entender, deberían ser tratados aqueles que trasladan á praza pública as prácticas relixiosas, por ser aquel sitio destinado a operacións mundanais e non a funcións místicas ou espirituais.

O templo, a mezquita e a capela son a casa de deus; a vía pública, a praza, a rampla, o baile, o teatro, o café e o **ateneo** son a casa do home. Cada cal, pois, debe exercer as súas funcións no seu respectivo domicilio, sen que ninguén invada o doutro.


Partidarios acérrimos da liberdade, somos inimigos da imposición. Ao relixioso as autoridades deben ampararlle dentro da igrexa, ao cidadán fora dela.

Ferrol, 26 de agosto de 1899.


Editorial publicada en "LA VERDAD" o 26 de agosto de 1899.
Periódico Librepensador. Editado en Ferrol (Rúa Magdalena 80, baixo).
Recollido da nosa Biblioteca - Hemeroteca.


Ateneo Ferrolán

NOVIDADES



Rumbo21: pola defensa do naval galego
Comisión Promotora da Iniciativa Lexislativa Popular para reactivar o sector naval galego.
En novembro do ano 2008 un grupo de cidadáns e cidadás de Ferrolterra decidiu promover unha Iniciativa Lexislativa Popular co fin de relanzar o sector naval e tentar que Astano puidera volver contruír buques civís.
www.rumbo21.org




Arbo, vila da lamprea :
libro-homenaxe á festa da lamprea :
(50 aniversario, 1961-2010)
Concello de Arbo.
O libro homenaxe pretende ser un banquete motivador e xeneroso que amose o orgullo dun pobo cara aos sinais de indentidade: a lamprea e os viños, festexados en perfecta armonía.
www.concellodearbo.org



Concepción Arenal: unha muller pioneira
Deputación da Coruña.
Biografía dunha gran muller en formato de "unidade didáctica"
www.dicoruna.es



GóisOroso Arte 2011
Concello de Oroso.
A exposición GóisOroso Arte 2011 xira en torno a solidaridade, con motivo da conmemoración do "Año Europeo del Voluntariado" (pintura, escultura e fotografía).



As viaxes de Pablo Iglesias por Galicia
Emilio Garrido Moreira.
Fundación Luis Tilve.
Vida de Pablo Iglesias e os seus contactos e reunións cos traballadores galegos e as súas sociedades, así como a súa amizade e confluencia ideolóxica cos líderes locais do socialismo.
www.fundacionluistilve.com



Exposición Galega de 1909:
Conmemoración do 1º Centenario
Exposición Regional Gallega.
Santiago 1909.
Consorcio de Santiago e Museo do Pobo Galego.



Las memorias olvidadas: los desherederos de la Guerra Civil Española
Roas María López González.
Fundación Luis Tilve.
Repaso dalgúns dos sucesos máis significativos da guerra civil española. Tódolos protragonistas teñen un denominador común: tiveron que alonxarse da súa terra.
www.fundacionluistilve.com



A tropa de misteriosas mans flotantes
Concello de Ferrol.
Catálogo da exposición colectiva entorno ao debuxo do Centro Cultural Torrente Ballester

Ateneo Ferrolán

Un conto de nadal

para unha nenez atea

especial minirrelatos

ALBERTE MOMÁN
Tamén era neno cando deus collía vacacións

A canella estaba escura. A noite cinguírase sobre ela derrubando a súa sombra sobre as superficies. Incidía particularmente sobre os currunchos máis inaccesibles. A choiva petaba forte contra os muros e penetraba violentamente en todos os orificios, irritando as mucosas do seu rostro, arrubiando o branco da esfera ocular. Fregou nela con pertinaz insistencia ao descubrirse só e indefenso, naquel metro e medio de ancho por trinta de alto. Baixo, entrechan, primeira planta, segunda planta, terceira, cuarta, quinta, sexta e incluso un faiado que se precipitaban ameazadores, sobre o metro e medio de folgura con respecto ao edificio adxacente. Cagou mil veces sobre a decisión de non ter levado paraugas. Así mesmo, cagou outras tantas por non ter revisado os petos na procura dalgunha moeda que lle franquease a porta dun taxi, e por ter escollido en tan mala hora aquela ruta. Parou, para dubidar un instante se desandar ou non aquel traxecto. Era tarde xa. Unha outra sombra, distinta ás da choiva sobre a luz dun farol proxectada sobre as paredes, apertábase á súa propia. Treméronlle as pernas, a friaxe da noite penetrou de súpeto no seu corpo, estimulando as terminacións nerviosas e facéndoo vulnerable fronte calquera estímulo. Remexeuse un pouco antes de ser inmobilizado por completo.-Non, deus!- acertou a exclamar, como último berro resignado, na súa infantil inocencia. Pero deus atopábase de vacacións nun outro lugar do planeta.


Ateneo Ferrolán



Ateneo Ferrolán

ANA LÓPEZ LÓPEZ
Conto de nadal

Eu sabia que esa noite era festa, na escola falárannos moito dela. Aquela tarde había moito balbordo nas casas dos amigos. En moitas delas estaban a degolar e desplumar un polo. Non era costume matar un polo para cear. A xente ría e dábanse apertas e bicos.
Eu sabía polas coitas dos amigos que os pais non estaban sempre tan felices.
Despois de xogar voltei a casa. Na miña faltaba o pai, seguramente por iso miña nai non mercara un polo.
Chamoume , entrei na cociña !había albóndigas !
Na miña casa tamén era Nadal!

ANDRÉ VENTAS PÉREZ
Pedro Chosco no nadal

Pedro Chosco vive no mundo dos soños, cando cae a noite , visita aos nenos e failles durmir.
Unha noite de inverno Pedro Chosco baixou a casa de Xan, un meniño repoludo, que estaba a xogar cos seus regalos de Nadal. Tanto lle gustaron aqueles xoguetes que alá ficaron os dous. Xogaron co balón, xogaron coa bici.
— "Imos xogar aquí, imos xogar acó, imos xogar acolá", dicía Pedro Chosco, e non paraban de xogar.
Así Pedro Chosco parou de visitar aos nenos, que deixaron de durmir e tiñan a todas as familias cansadas e estresadas.
Un pai desesperado foi visitar unha meiga para que lle dera remedio:
— "Meiga Tarabela, o meu fillo e Pedro Chosco están a xogar seguido e non van durmir."
— "Mmmm" dixo a Meiga "cando Pedro Chosco diga: Imos xogar acolá, imos xogar acó, imos xogar aquí" todo voltará en sí"
O pai voltou á casa e lle dixo a Pedro chosco:
— "Quero xogar eu tamén así. Imos xogar acolá, imos xogar acó, imos xogar aquí"
— Vale! Dixo Pedro Chosco, "Imos xogar acolá, imos xogar acó, imos xogar aquí", repetiu.
E daquela Pedro Chosco máxicamente voltou ao seu mundo dos soños e todos volveron a durmir. Desde ese día, para que un neno durma, os pais teñen que esperar a que baixe Pedro Chosco e xogaren os tres xuntos.



ОРТРЕТ РАБОТЫ И. Н. КРАМСКОГО • 1881 г.

А 50к СССР

МОСКВА ПОЧТАМТ

15 5 74

ARTURO LEZCANO FERNÁNDEZ
O nadal de Iosif Vissarinovich

Lembrábame moi ben do Nadal cando saín rumbo á URSS. Eu fun un dos "nenos da guerra". Hoxe evoco aquel do 37. Foi no Moscú da preguerra mundial e levároonnos, co pano vermello dos pioneiros ao pescozo, á Sala das Colunas da Casa dos Sindicatos., onde apareceu o Ded Morod, cuspidiño ao Melchor e non digamos ao Papá Noël.

Aquel Nadal celebrábase no pasamento da Noitevella, lóxico, se temos en conta que o Nadal só é o nacemento do Aninovo, intelixentemente adaptado pola cristiandade, que os *tovarich* nunca foron quen de facer, malia as orixes de aprendiz de freire de Iosif Vissarinovich Djugashvili, o Pai Stalin.

BRENDA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
Conto de nadal

O meu nadal trai a lembranza nostálxica daquil chispeante lume da lareira prendido, sempre lle tiven medo, mirábao de reollo namentras quentaba os meus pés fríos no forno estartalado da cociña.
Recordo tamén aquil vello escano, repouso matinante da memoria, o padriño sentaba alí e comezaba a falar da guerra, verdadeiramente non me gustaba oír aquilo.
Exasperada saía a fora, a neve caía dende o ceio nubro deixando a aldea cuberta por un branco manto infindo. Eu xogaba a ser raíña daquil tempo, intre insaciable de busca e incertidume, era a nena das dúas trenzas, teimosa e inconformista.
As montañas do Cebreiro representábanseme coma o cumio alto para poder chegar dun chimbo ao mundo ancestral dos contos da avóa, a serra courelán non era máis ca un soño, un soño de poesía salvaxe e vida terrenal, agasallo de lus para decembre.
Mamá axiña me chamaba dende dentro, había que montala árbore máxica e facelo pesebre para o meniño Xesús, ela queríame facer crer no esprito do nadal, máis cando lle preguntei se esa noite viría a visitarme o vello da barba branca, mamá negou rotundamente, aquilo non pasaba de ser un absurdo invento capitalista.




Ateneo Ferrolán


Ateneo Ferrolán

EDELMIRO MOMÁN NOVAL
Solsticio de inverno

Era uma vez um sol. Bom, na verdade, um sol é uma estrela, mas esta estrela gostava de ser chamada Sol. Não era, dizia, por vaidade nem por chamar a atenção. Era porque, embora esta estrela não era mais quente, nem mais grande, nem mais brilhante do que outras estrelas, ela era diferente. E o que a tornava diferente era um planeta. O terceiro a contar desde o Sol. Este planeta chamava-se Terra e a Terra tinha a peculiaridade de que nela davam-se as condições para existir a vida. Uma, das diversas formas de vida que pululavam sobre a face da Terra, diz-que até falava e punha nomes às cousas. Ao Sol, por exemplo, chamavam-lhe Sol, e por isso o Sol não era uma estrela como as outras, era o Sol. Estes animais tão chocalheiros chamavam-se, por sua vez, humanos e tinham bastante imaginação. Achavam, olha lá, que o Sol era filho de um deus porque graças a ele havia vida na Terra, e chegaram a inventar fabulosas histórias sobre as viagens do Sol pelo céu.

Observaram, por exemplo, que o dia mais longo do ano era o 21 de junho e que nesse dia o Sol alcançava o ponto mais alto no horizonte de todo o ano. A partir dai os dias iam virando mais e mais curtos e mais e mais frios até o 22 de Dezembro, que era o dia mais curto do ano e também aquele no que o Sol estava mais baixo. Os humanos pensavam que o Sol *morria* nesse dia. Durante três dias e as suas três noites, o Sol parecia ficar ali, quedinho, acarão de quatro estrelas que formavam uma cruz. Era por isso que os humanos diziam que o *Sol morria na Cruz*. Mas não! No dia 25, o Sol começava a subir de novo e os dias iam virando, muito de vagarinho, mais longos e mais quentes. Os humanos achavam que o Sol *renascia* nesse dia. O *renascimento* do Sol era anunciado na noite do 24 de Dezembro por quatro estrelas. A mais brilhante do céu, que se chamava Sírio ou *a estrela do oriente*, formava uma flecha com outras três estrelinhas, os Três Reis. Esta flecha apontava precisamente ao lugar onde o sol iria nascer na alvorada do 25. Os humanos chamaram este dia de *Natal*, pois criam que era o dia no que o Sol renascia.




IRENE QUINTEIRO BLANCO
Un prato máis

Avoa, se nós non somos cristiáns, por qué facemos festa no Nadal?

Porque chega o inverno e remata o ano, fillo. É momento de celebrar cos nosos que estamos xuntos e de lembrarmos dos que marcharon. Por iso facemos una festa coa familia e os amigos, e por iso poñemos un prato de máis na mesa, para que poidan acompañarnos os que xa non están aquí. É o momento de deixar atrás o vello e facer sitio ao novo ano que comeza, e ao que traia con el. De desexar que sexa bo. Por iso limpamos ben a lareira, varrendo as cinzas antigas, e poñemos unha torada nova a arder, que quente o noso fogar durante todo o ano que comeza. É a hora de dar grazas á terra e á natureza, que nos acolle. Este é o motivo da nosa celebración.

Naquel momento gustoume a explicación, e sorrín compracido á miña avoa, mais non entendera todo o seu significado. Ás veces penso que aínda hoxe non acadei o fondo daquilo que ela quería aprenderme. E todos os anos, cando poño o prato de máis na mesa, lembro aquela explicación, aquela conversa mentres a avoa facía as súas coroas e ramos de visgo e os meus irmáns e máis eu adornabamos a árbore para as festas. E sinto que ela regresa e senta á mesa a comer con nós. A súa mirada doce. A calor do seu sorriso.


Ateneo Ferrolán


Ateneo Ferrolán

JAVIER MASEDA RODRIGUEZ
O credo da chincheta

Soprarías velas non máis de poucos anos, tres arriba, tres abaixo. Lista como un allo, non abultaba máis que unha chincheta, fala que te fala, esa pícara artista de pes de princesa e sen zapatos de tacón. Chicho vai, chicho ven, lucía entre sol e sol media lúa na cara, sempre correndo, nena neneira de corazón infinito e sempre soleado, bum-búm, bum-búm… E chegaba decembro e, soa na noite, como todas as noites no medio da noite, a pequena chincheta de xionllos mancados, silveiras do monte, fala que te fala, empezou a falar. *Don rei un, don rei dous, don rei tres, señor de vermello que encolle nas chimineas, bebé carpinteiro de establo e cartabón…, quero que che quero con moito querer pido que pido… polo de pronto, un paraíso; polo de xa, un feixe de películas de sorrisos sen bágoas; polo de agora, auga dabondo para os corazóns con sede… Ah!, e unha boneca con catro dedos e medio en cada pé, que lle han querer como se tivera cinco…* Ai, ai, ai!..., descreído maior que non cres o que ves e ves o que queres ver, que os nenos que non cren, como os monstruos das galletas ou os alieníxenas sen pes nen cabeza, non existen…, que aí segue a pequena, no medio da vida, como todas as noites no medio da noite, cada noite de decembro, lembrando nena neneira aquel Nadal que esqueceron os que esqueceron o Nadal.







JORGE CHAMORRO






tiempo muerto



MADIALEVA
Conto de nadal para unha nenez atea

Devagariño conseguiu arrastrar até a fiestra a pesada cadeira de teixo e trepou a ela. Non ía debuxar pasando o pequeno dedo sobre o bafo, como tantas veces fixera. Hoxe quería ver que era ese balbordo que sentía desde que acordara. Coa manga dereita do seu xersei desembazou o cristal e ollou a praza.
Nela, mulleres e homes axitaban bandeiras ao tempo que entoaban unha canción que xa coñecía. Ben, non enteira, mais si algún que outro anaco, especialmente o que dicía: «*... nin rei, nin tribuno, nin deus...*».
Co do rei estaba de acordo. Sabía que era ese señor alto que cando aparecía na tele a súa nai rosmaba un apenas perceptíbel «*parasito*». Co do tribuno..., vaites!, niso non concordaba. Como podían estar contra os? Porque os tribunos, estaba claro, eran as tribos das pelis de indios contra vaqueiros. E el sempre fora cos Sioux!
Mais o de «nin deus», como lle prestaba. Lembrou cando o seu curmán lle dixera que deus era un home forte, invisíbel, que castigaba os nenos maos, e que tiña que temelo moito.
-Boh! o sacaúntos – pensou daquela. Non lle tiña medo ao sacaúntos, nin ás meigas, nin aos espíritos, porque, como lle explicara a súa nai, nada diso existía.
Por iso, cando no Aninovo veu o seu curmán cear e fóronse deitar, deixando a luz acesa porque este tiña medo, non lle amolou nada que lle quixese facer rabiar dicíndolle que nesa casa non había regalos porque non crían en deus. Sorrindo timidamente pensou en que non había mellor agasallo que o que lle fixera a súa nai liberándoo do medo.

MARIO MARCOS PARDO
Unllas e chourizos

Estou medrando, son o que agora se chama un preadolescente, por iso teño un pouco de peluxe na face e xa son quen de mira-las películas de zombis sen pasar medo.

Algo barruntaba, pero non me esperaba isto na Noite Boa: de primeiro prato, unllas, de segundo, máis unllas, e nos doces, nada.

Ao velas no prato lembreime de cando, uns catro meses atrás, meu pai, moi serio, nos repartiu os seus botiños valeiros de omeprazol: "Fillos, cada quince días lavade ben, esfregando co cepillo, as unllas das mans, cortádeas e gardade os anaquiños no bote. Logo deixádeo no andel do lavabo."

A miña nai regalando os ollos ao escoita-los murmurios das nosas tripas e insistindo para que comese: "Paulo, non ceas? Son moi ricas en calcio. Hainas ben tenras…"

Ao final, eu esfameado, queixeime a modiño, xa que non quería esgotar as miñas escasas enerxías: "Papá, non hai outra cousa?"

O meu pai, conciliador: "Non, fillo. Roubárona os chourizos co conto da crise."

A fame negra e meu pai a falar de chourizos, e eu, axitado pola curiosidade, a chuzalo: "Veña papá, cóntanos o conto dos chourizos ladróns?"

Desta vez, moi cabreado: "Esa historia non é para nenos, mete medo."




Ateneo Ferrolán

MIGUEL ANGEL ALONSO DIZ
Encheu

Encheu a noite de morte ese poeta pintor irreal, que xuntaba versos no seu pincel cansado, e que por mor do viño aceptado soía negarse a falar. Encheu a noite de tristeza e sereas naquel portal agonizante, esquecido dende o derrubo para santificar un novo centro comercial. Encheu as árbores de notas dunha partitura ferida e coa alma en clave luída fuxiu cara ao ar. Encheu as luces de sombras, as sombras de silencio e a este, último amigo, encheuno de bágoas durmidas de mar. Encheu o chan de sangue frío e o frío encheuno de lembranzas para que non se atopara mal. Encheu os ollos de beleza, pois crear beleza era un don natural. Encheu de cor os edificios , a terra, os nenos, os semáforos, incluso encheu de cor o portal no que exhalou o derradeiro verso que nunca puido pintar. Encheu de morto petos de xente que nunca lle quixo falar. Encheu galerías e homenaxes, voces secas e países distantes que nunca foi visitar. Encheu pinceis descoñecidos e libros labrados sen pensar. Encheu esta folla abandonada... nesta tristemente real... historia de Nadal.

E de tanto encher quedou baleiro naquel portal, morto polo desagradecido frío que el, tan ben, soubo pintar.

MONCHO IGLESIAS MÍGUEZ
O meu primeiro traballo

A mamá sempre dixera que era moito mellor traballar nunha casa particular ca acabar como o papá, como un escravo, soportando todo o que lle viñese enriba, ou como o avó, que non deixou de limpar merda mentres viviu. Ben pensado, non era tan mala idea estar onde estaba. Amais, os nenos da casa, que debían ser da miña ideade, pasaran días maquillándome e poñéndome colares de todas as cores, e os maiores non deixaran de entregarme agasallos para o día do meu aniversario. O que non sei é como sabían que nacera un 24 de Nadal. É igual; todo era mentira.

Seica o 24 é o día das troulas, ou algo polo estilo, e quitáronme todos os regalos. Como riron! Mais non acabou aí a cousa. Días despois, unha mañá xélida de xaneiro, non sei que arroutada lles deu que me despediron. Nin me deron unha explicación: á rúa! Só a máis pequecha chorou ao meu carón e protestou ao pai, berrando que non e que non. De nada valeu; acabei mendigando ata que uns señores se apiadaron de min e me trouxeron aquí, onde estou felizmente casada e esperando que naza unha nova póla alá para a primavera.


Ateneo Ferrolán


Ateneo Ferrolán

OSCAR BOUZAS
Alberte

Alberte éravos un neno moi listo. Moito máis ca os outros. Tan listo era que sabía que cara o final de decembro, como cada ano, xa comezaba o conto outra vez. El chamábao así, "conto", porque conto era que chegaran aqueles tres homes, carrexados por uns estraños animais que nunca vira aparcados en rúa ningunha, vidos dende un lugar chamado Oriente, que por moito que teimara, no daba atopado no globo aquel que penduraba no estante de enriba da televisión, e aínda por riba viñan cargados de regalos, pra todo o mundo seica, pero logo o único que daban de verdade eran caramelos. Moita cara tiñan eses que se dicían reis. Moita cara e pouca eficiencia, porque senón non se lles adiantaría sempre ese outro, o de vermello. Claro, como dicían os compañeiros de clase de Alberte, "é que este vén por aire". Seguro que si. A ver quen tragaba que ó vello aquel lle collera nun saco todo o que tiña que repartir. Alberte non cría nada. Alberte sabíavos ben que o único que o ía agasallar era aquel home xigantón vido do máis profundo dos mares, aquel de barba espesa mais non canosa, que ía sempre moi ben conxuntado pra o inverno, e que facía da pipa o maior dos seus praceres. Éravos seu pai, e non contaba con máis agasallo ca súa presenza. Mais non creades, a Alberte ben que lle chegaba.

PEDRO NAVEIRA PEDREIRA
Cousas do avó

-Dixo o mestre na aula que Deus está en todas partes, e eu… non o vexo porque non creo nel -confesoulle Pepiño ao avó, que estaba sentado a carón del ao quente da lareira.
O ancián, antigo combatente republicano, con dez anos de cadea ás súas costas e ateo convencido, ollouno de esguello e sorriu. Logo remexeu na cinza cun pau de buxo mentres coa outra man acariñaba a cabeza do neto. Mudou devagar de posición e, sentado cara a el, fitouno. "É Nadal", pensou. Logo faloulle coa súa cotiá cachaza.
-Abofé que si existe un deus... ai non! Está no sol da mañá, no luar da noite, nos agarimos que che dá túa nai, nas mans encalecidas de teu pai, que traballa para ti arreo. Tamén... na terra, que nos dá a mantenza, e na auga da choiva, que a fai produtiva. Está agochado mesmo nas bágoas da túa avoa cando lle amosas as boas cualificacións que traes da escola. E por riba de todo, no eterno sorriso de teu irmán pequeno, que, malia non sabelo el aínda, nos fai acreditar acotío que a vida paga a pena. E está arestora, podes crelo, escoitando a nosa conversa. Pídoche só que me gardes un segredo. Que o saibas, ese DEUS con maiúsculas, o verdadeiro, rexeita aos cregos e non cre nas igrexas... nin nas hostias.




Ateneo Ferrolán

ROBERTO AMADO CASTRO
O plan segredo de Sabeliña

Naqueles días do Nadal, Sabeliña non paraba de darlle voltas a súa cabeciña. Custáballe moito crer o que recentemente lle desvelara a súa prima maior. Segundo ela, o Papá Noél non existía e todo era un invento dos maiores. Entón, se isto era certo…quen cada Noiteboa lle deixaba os regalos que ela pedía?, ou quen lía as súas cartas?, preguntábase repetidamente a rapaciña, sen atopar respostas convincentes. Por iso, moi decidida, elaborou un plan que lle axudaría a descubrir a verdade.

- "*Xa sei,…durante a Noiteboa, vou finxir estar durmida para ver o que pasa o meu redor*"-, rosmaba a pequena. Logo, púxose a escribir unha carta ben distinta ás de todos os anos, -"*desexo que os meus xoguetes llelos repartas os novos amiguiños que andan a pedir esmola coa súa nai polo barrio, porque eles os necesitan moito máis ca min*"-, pregáballe con interese. Ademais, decidiu non botala ao correo, isto ía ser a proba definitiva!, -"*se o Noél é máxico e pode levar os xoguetes dos nenos de todo o mundo en tan só unha noite, adiviñará o que lle pido-*", razoaba. Era o seu plan segredo e por iso só quixo contarllo a súa mellor e mais querida confidente. Así, aproveitando de que a avoa María a recollería na saída do colexio, explicoulle a esta detidamente a trama, baixo a promesa de non poder desvelala a ninguén.

A cea de Noiteboa foi unha grande festa familiar. Xuntáronse todas as xeracións na casa dos avós e, como sempre, abondaron larpeiradas e cancións ata ben tarde, cando os máis pequenos xa se durmían. Sabela foi das primeiras en marchar a deitarse, tiña présa por comezar o seu plan … -"*descubrirei ao impostor?, acordaráse dos meus amiguiños?*", pensaba mentres loitaba para que non se lle pecharan os seus inocentes olliños negros. Máis, o día fora moi intenso e pouco despois o cansazo a venceu. Entre soños, a neniña creu escoitar pasiños curtos e sixilosos que se acercaban, e sentiu como alguén cunhas mans doces e engurradas a acariñaba e bicaba mansiñamente, susurrándolle no oído o moito que a quería e prometéndolle estar sempre o seu carón para protexela.

Pola mañanciña, Sabeliña espertou moi leda, e deseguida atopou aos pés da súa cama unha fermosa boneca de trapo e tamén xoguetes para os seus amiguiños. A pequena correu emocionada na procura da sua avoa para bicala e abrazala. Aquelas agarimosas bágoas selaron o segredo que ambalas dúas gardaron para sempre.

A miña neta Irene e a súa avoa Mari. Dúas poderosas razóns para desexar seguir disfrutando desta vida. Novembro 2011

ROCIO LEDESMA COBELO
Crise de agasallos

O neno miraba curioso pola fiestra do seu cuarto como caian ás folerpas de neve. As vacacións de Nadal estaban a piques de comezar. Este ano non sabia ó que lle ía pedir aos Reis-Magos na carta.

Colleu un bolígrafo e papel, púxose a pensar: "¿Un video xogo novo?" "¿Unha bici?" "¿Un mp4?" Comezou a escribir, non debía ser moitos os agasallos que quería ter porque aos cinco minutos saiu do cuarto e ensinoulla ós país.

Lérona o pai sorriu, e nai docemente bicouno na fronte. A carta dicía así:

Queridos Reis- Magos,

Este ano non quero videoxogos, nin xoguetes, nin bicis. Só quero que meus pais poidan ter traballo e velos sorrir...


Ateneo Ferrolán


Ateneo Ferrolán

XOAN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE
Camiño encantado

Non sabía ben como arranxalo. Romper xa romperan coa tradición bautismal. Mais aquel seguía sendo un problema de moito perendengue sen resolver. Como lles ían roubar ás cativas a maxia familiar dos agasallos de nadal? Claro que sempre procuraban algo que entre a morea da oferta de regalos, semellante a unha pedra preciosa, alampase de seu. Coma aquel libro, *Vanesa non quere ser princesa*, que tanto se fartaron de ver. Valeulle a vida cando coñeceu o conto d'*O Apalpador*. Reloucaba ao ver as dúas seguir o rastro temperán da imaxinación na procura das pegadas dos cravos das súas chancas dende a casa ao eido. Elas tiñan que facer algo ben máis gorentoso do que acontecía co migalleiro estrumado de *Hansel e Gretel*. Abondáballes ir seguindo a ringleira de abelás, noces ou castañas, a canda algún agachado galano zopaba coa súa ilusión, que aquel home de pucha, paipa nos beizos e barba longa nunca deixaba de esparexer. Cando acababan perdendo o rastro de todo e se puñan a rillar algún froito co mesmo degoro dos esquíos ao roer entón cofeáballes a barriga e xuntábanse no leito para veren o que había para ler.

PROGRAMACION

XANEIRO • FEBREIRO • MARZO 2012

II MOSTRA DE DOCUMENTAIS EN GALEGO 2012

21 de marzo 2012 na Capela do Centro Torrente Ballester.

CLUB DE LECTURA

os martes 10 de xaneiro, 7 de febreiro e 6 de marzo ás 19,30 h



A Xunta Directiva deste Ateneo Ferrolán quere manifestar o noso máis sentido pésame pola perda de **ISAAC DÍAZ PARDO**

Dende o ATENEO FERROLÁN observamos con atención nos últimos tempos unha presenza destacada desta figura senlleira, fundamental e básica para a cultura galega dende mediados do século XX até hoxe.

Figura indiscutible no eido das letras, das artes plásticas, das publicacións, ... etc., da promoción, apoio e desenvolvemento de todas as sinais de identidade do noso, da esencia e fundamento do ser galego, así vemos e valoramos a ISAAC, aglutinador de vontades e promotor de grandes proxectos e obras que perdurarán na nosa historia. O ATENEO FERROLÁN recoñece unha débeda e un agradecemento especial do que queremos deixar pública e destacada constancia.

Isaac Díaz Pardo colaborou dun xeito fundamental na potenciación e enaltecemento do noso Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón". A súa contribución foi esencial para a consecución da figura emblemática do concurso, o gaiteiro de Luís Seoane, cedido desinteresadamente pola súa viúva grazas as xestións de Isaac, que ademais patrocinou dende Sargadelos a figura de cerámica, facendo doazón das mesmas nos primeiros anos do Constantino Bellón.

Tamén debemos dicir que o ATENEO pasou por momentos difíciles, e Isaac nos apoiou e nos defendeu demostrando unhas amplas miras na defensa da pluralidade e da tolerancia, dos bos e xenerosos, valores que compartimos dende esta entidade.

GRAZAS ISAAC POLO TEU LEGADO!

XUNTA DIRECTIVA
ATENEO FERROLÁN – xaneiro 2012


Ateneo Ferrolán